

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Ordenanza reguladora do transporte público de persoas en vehículos de turismo

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2014, aprobou inicialmente o modificación da Ordenanza reguladora do Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

A N E X O

ORDENANZA REGULADORA DO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS EN VEHÍCULOS DE TURISMO

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Art. 1.

Ao abeiro do establecido no artigo 4 e na disposición final terceira da Lei autonómica 4/2013, de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no artigo 80.2 m) da Lei autonómica 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia; así como no exercicio da potestade recoñecida no art. 4 da Lei 7/85 de bases de réxime local e na disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, dítase a presente ordenanza, co obxecto de regular o servizo público de automóviles con aparato taxímetro no termo municipal de CULLEREDO (A CORUÑA)

II. DAS LICENZAS

Art. 2.

Os requisitos para ser titular de licenza de taxi son os dispostos no artigo 5 da Lei de Galicia 4/2013, coas limitacións cuantitativas establecidas no artigo 9 da citada Lei.

Art. 3.

O número de licenzas virá determinado pola necesidade e conveniencia do servizo a prestar ao público, na forma e condicións previstas no artigo 16 da Lei de Galicia 4/2013.

Ao menos un 5%, ou fracción, das licenzas de taxi corresponderán a vehículos adaptados. Os titulares das licenzas solicitarán voluntariamente que o seu taxi sexa adaptado; pero se non se cubre a citada porcentaxe, o Concello esixirá ás últimas licenzas que se concedan que o seu taxi sexa accesible.

Estos taxis prestarán servizo de forma prioritaria ás persoas con discapacidade, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

Art. 4.

1. Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, ben que a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do Concello, no seu caso.

Mediante o visado constatarase o mantemento das condicións que xustificaron o outorgamento dos títulos habilitantes e dos requisitos que resulten de obrigado cumprimento para o exercicio da actividade de taxi.

2. A falta de visado en prazo determinará a extinción automática do correspondente título habilitante sen necesidade dunha declaración da administración nese sentido. Non obstante, os títulos así extinguidos poderán ser rehabilitados nos termos e no prazo regulamentariamente establecidos, sen que o dito prazo poida ser en ningún caso superior ao establecido para a suspensión dos títulos habilitantes.

4. A administración municipal poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento e a debida explotación, e poderá solicitar ás persoas titulares das licenzas de taxi a documentación que xulgue pertinente para efectuar a dita comprobación, sen prexuízo das comprobacións que se realicen mediante o visado periódico previsto neste artigo.

As licenzas deberán manter as condicións da súa creación, sen prexuízo das causas de extinción establecidas no artigo 12 da Lei de Galicia 4/2013.

2. Os titulares de licenza poderán renunciar ás mesmas, pero en todo caso, para que esta renuncia teña efecto deberá ser expresamente aceptada polo Concello de CULLEREDO.

3. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

a) Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.

b) De oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.

Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, agás causas de forza maior debidamente acreditadas.

As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa, agás que se incumprise a limitación establecida no punto anterior.

Transcorrido un mes desde a finalización da suspensión sen que se reiniciase de modo efectivo a prestación do servizo, incorrerase en causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

Reglamentariamente preveranse as medidas que, de ser o caso, adoptará a administración para garantir que o servizo quede adecuadamente cuberto.

Art. 5.

As licenzas outorgaranse conforme ao establecido no artigo 8 da Lei de Galicia 4/2013.

A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, segundo o disposto no artigo 10.1 da Lei de Galicia 4/2013.

Art. 6.

As licenzas de taxis só serán transmisibles nos supostos establecidos no art. 17 da Lei de Galicia 4/2013.

Art. 7.

O titular da licenza non poderá en ningún caso arrendar, ceder ou traspasar a explotación da licenza, estando obrigado a explotala persoal ou conxuntamente mediante a contratación dun máximo de dous condutores asalariados a xornada completa en posesión do permiso local de conductor e afiliación á Seguridade Social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión.

No prazo de sesenta días naturais, contados desde a data de concesión da licenza, o seu titular está obrigado a prestar servizo de forma inmediata e con vehículo afecto á mesma, que deberá cumprir os requisitos establecidos nesta ordenanza, logo da comprobación dos servizos técnicos competentes.

Art. 8.

1. O Concello disporá dun rexistro público de licenzas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións administrativas, o vehículo e os condutores ou condutoras asalariados adscritos aos títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

2. O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustaranse á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a elas, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

3. As comunicacións ou as anotacións no Rexistro de Títulos Habilitantes serán efectuadas por medios telemáticos.

III. DAS TARIFAS

Art. 9.

A explotación e utilización do servizo de taxi estará suxeita a tarifa, e o aboamento da mesma será obrigatorio para os usuarios do servizo.

As tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polo Concello e as tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia. Para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orde a recabar as consideracións que estime pertinentes.

En todo caso, a aprobación das tarifas está sujeta á lexislación vixente en materia de prezos.

Art. 10.

O pagamento do importe da prestación do servizo será aboado polo usuario ao seu remate, debendo ser visibles as tarifas de aplicación desde o interior do vehículo. Nas mesmas conteranse os suplementos e tarifas especiais que proceda aplicar a determinados servizos.

Se durante a prestación do servizo, o condutor fose requirido para esperar o regreso dos viaxeiros que transitoriamente desexen interromper o percorrido, na aplicación da tarifa deberá terse en conta:

a) Que no caso de que o lugar non ofrezca limitacións en canto ao estacionamento cobrará o importe do percorrido efectuado, engadindo as custas de media hora de espera se é en poboación ou unha hora se a espera se produce nun descampado. Unha vez que transcorra ese tempo, poderá ausentarse se non se produce o regreso dos viaxeiros.

b) No suposto de que o lugar ofrezca limitacións en canto ao estacionamento, poderá cobrar o importe do percorrido realizado, desvinculándose do servizo.

Art. 11.

Os condutores dos vehículos estarán obrigados a estender un xustificante do importe do servizo, cando así o soliciten os usuarios. Este recibo deberá axustarse ao modelo oficial autorizado polo Concello de Culleredo.

Art. 12.

Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ao usuario cambios de moeda metálica ou billetes, ata a cantidade de 50 euros.

Cando non dispoñan do cambio obrigatorio abandonarán o vehículo para provelo, deixando o taxímetro en punto morto.

Cando o cambio a devolver sexa superior ao regulamentario poderá deixar o taxímetro en marcha, ata que se lle proporcione o importe ou cantidade á que ascenda a tarifa.

IV. DOS VEHÍCULOS

Art. 13.

O vehículo de servizo será de propiedade do titular da licenza que a ampara e figurará inscrito no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

Art. 14.

Os vehículos dedicados á actividade de taxi deberán estar clasificados como turismo e deben cumprir, ademais, os requisitos que determinen as normas de desenvolvemento desta lei en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ao servizo a que estean adscritos.

Estes vehículos deberán reunir as seguintes características:

1. Con carácter xeral, as licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi outorgaranse para vehículos cunha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora.

2. Carrozaría pechada con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade, e con capacidade que non excederá de sete prazas.

3. As portas deberán estar dotadas do mecanismo conveniente para accionar os cristais segundo a vontade do usuario.

4. Os asentos, tanto do condutor como dos usuarios, terán flexibilidade suficiente para ceder, como mínimo, seis centímetros ao sentarse unha persoa.

5. Os respaldos tamén terán flexibilidade para ceder, como mínimo, catro centímetros.
6. O interior estará revestido de material que poida limparse facilmente para a súa conservación en estado de pulcritude.
7. O piso irá recuberto de goma ou outra materia impermeable fácil de limpar.
8. Os vehículos deberán ir provistos de extintor de incendios.
9. Iluminación interior para servizos nocturnos.
10. Os vehículos deberán ter instalado un equipo de posicionamento global por satélite (GPS).
11. Os vehículos irán provistos de aparato lector que permita aos usuarios o pagamento con tarxeta de crédito.
12. Os vehículos poderán ir provistos dunha prancha móbil de separación entre o condutor e os usuarios, das características para o efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale esta prancha móbil de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ao seu.
13. Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maletreiro, totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe desta.

Art. 15.

Os vehículos deberán ir provistos dun aparato taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo. Situado na parte dianteira do interior da carrozaría, de forma que, en todo momento, resulte completamente visible para o viaxeiro a lectura da tarifa ou prezo e suplementos, debendo estar iluminado desde a posta do sol. Os taxímetros deberán incorporar impresora de factura.

Art. 16.

O aparato taxímetro entrará en funcionamento ao baixar a bandeira ou calquera outro elemento mecánico de que deba ir provisto. Ademais de poñer en marcha ou parar o mecanismo do aparato, poderá adoptar a posición de punto morto, situación na que, non marcando a tarifa horaria, deberá colocarse ao finalizar o servizo, ou no caso de que durante el se produza algún accidente ou avaría que momentaneamente o interrompa.

Art. 17.

Os vehículos do servizo levarán a carrozaría pintada de cor branco e coas características e distintivos que sinale o Concello, a efectos de facilitar ao máximo a súa identificación, previa consulta coas persoas afectadas e representantes dos consumidores e usuarios, e en todo caso:

- Escudo do Concello: segundo o modelo oficial establecido no Decreto 423/2009 de 12 de novembro, ou norma que o substitúa, cunha altura de 15 cm. e un ancho de 10 cm.
- Número de licenza local: cada número da licenza terá unha altura de 5 cm e un ancho de 1 cm.

As inscricións indicadas serán de cor azul (pantone reflex blue).

- Así mesmo, en ambos os lados e no cristal posterior, levará un adhesivo no que se indique o día de descanso do vehículo.

A situación de "libre" indicárase mediante un cartel de 30 x 20 centímetros, no que conste esta palabra, situado no parabrisas do vehículo e pola noite a través dunha luz verde colocada na parte anterior do teito do vehículo, conectando este sistema de iluminación coa bandeira do aparato taxímetro para o encendido e apagado do mesmo, segundo a situación do vehículo.

Asimesmo, o módulo luminoso exterior debe sinalar claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable.

Art. 18.

No interior e en sitio visible para os usuarios, situarase unha placa na que figure o número de matrícula e de licenza municipal, debendo así mesmo colocar nos cristais da parte posterior do vehículo -e de forma que a lectura sexa fácil para os usuarios-, un adhesivo no que figuren as tarifas e suplementos vixentes.

Art. 19. PUBLICIDADE**a) PUBLICIDADE EXTERIOR**

1. Para contratar e colocar anuncios publicitarios no exterior dos vehículos taxis, deberá solicitarse polo titular da licenza municipal autorización da Administración municipal. A solicitude que a tales efectos formulen os titulares de licenza virá acompañada do correspondente proxecto no que se precise lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

Nos casos en que sexa necesario virá acompañada tamén do documento que acredite a homologación e/ou autorización que proceda dos organismos de Tráfico e Industria.

2. A publicidade exterior dos taxis deberá ir situada nas portas laterais traseiras.

3. Os rótulos de publicidade deberán consistir en láminas de vinilo autoadhesivo de tipo removible cunha adherencia óptima, que non dane a pintura do vehículo e sexa susceptible de ser retirado ou substituído con facilidade e rapidez.

Tanto os vinilos como as tintas que se utilicen, haberán de ter a necesaria resistencia fronte á degradación pola acción do sol e os axentes atmosféricos, presentando a debida capacidade fronte aos cambios de temperatura. Todo elo sen perda do seu colorido orixinal.

4. A colocación da publicidade, cuia forma será rectangular, de 0,30x0,60 m, se realizará exclusivamente nas portas laterais traseiras, no espazo comprendido entre a ventanilla e a parte posterior da aleta.

Os textos anagramas serán dunha soa cor sobre o fondo branco do vehículo.

5. Unha vez colocada a publicidade exterior, o vehículo deberá presentarse á inspección dos Servizos Municipais no prazo de 15 días dende a notificación da autorización municipal, previo pagamento da taxa correspondente por expedición de informe técnico. De non cumprirse os requisitos establecidos, poderá ordenarse a súa retirada.

6. A autorización que, no seu caso, se conceda, caducará o 31 de decembro do ano seguinte ao da autorización.

7. A autorización se acreditará mediante o documento que, a tal efecto, expida a Administración Municipal.

B) PUBLICIDADE INTERIOR

A solicitude de publicidade interior nos vehículos de taxi deberá solicitarse polo titular da licenza municipal, e requirirá autorización da Administración municipal. A solicitude que, a tales efectos, formulen os titulares de licenza virá acompañada do correspondente proxecto no que se precise lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

A publicidade interior deberá colocarse no respaldo traseiro ou ben no espazo para publicidade en xeral, bloc de notas, revistas do taxi, prensa e tarifas e información municipal e do servizo do taxi.

C) Calquera anuncio publicitario xa sexa exterior ou interior, deberá atenerse, tanto na súa forma como no seu contido ao disposto na normativa de publicidade, lexislación de tráfico, de industria e demais normativa que sexa de aplicación.

A Administración municipal poderá ordenar a retirada de calquera anuncio publicitario que vulnere as condicións establecidas, a normativa aplicable ou ben careza de autorización, sen prexuízo do exercizo da potestade sancionadora cando proceda.

Queda prohibida a colocación no interior ou exterior dos vehículos de calquera anuncio, indicación ou pintura distintas das autorizadas. No caso de vulneración desta prohibición poderán aplicarse as medidas dispostas no apartado anterior.

Art. 20.

Durante a prestación do servizo os vehículos estarán provistos coa seguinte documentación e efectos:

1. Referentes ao vehículo:

- Permiso de circulación.
- Tarxeta de inspección técnica vixente.
- Póliza e recibo da entidade aseguradora.
- Licenza municipal.

2. Referentes ao condutor:

- Carné de conducir da clase esixida pola lexislación de tráfico.
- Permiso local de conducir, no que figura adscrito o vehículo da licenza na que presta servizos

- Tarxeta de identificación profesional do condutor segundo o disposto no artigo 33 desta Ordenanza.

3. Referentes ao servizo:

- Placa interior en lugar visible, co número de licenza-matrícula e número de prazos.

- Exemplar da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

- Exemplar da presente ordenanza.

- Exemplar da Lei autonómica 4/2013, de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

- Guía do municipio, que inclúa dirección e situación dos servizos de urxencia e centros oficiais (hospital, sanatorios, Policía, bombeiros etc.).

- Impreso de tarifas vixentes e suplementos.

- Talonario de recibos no que deberá figurar impreso o número de licenza do vehículo, debidamente selado pola corporación. Os recibos correspondentes a cantidades percibidas por servizos prestados poderán ser substituídos por un xustificante de impresora incorporada ao aparato taxímetro.

- Follas de reclamacións segundo o modelo oficial.

Art. 21.

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza, de tal forma que en todo momento cumpra os requisitos establecidos nesta ordenanza, así como as normas, bandos e instrucións que se poidan ditar.

Art. 22.

Os servizos municipais correspondentes comprobarán o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos anteriores.

Art. 23.

Anualmente os servizos municipais correspondentes pasarán revista, co obxecto de comprobar o estado do vehículo e constatar os datos da documentación relativa ao mesmo, o seu titular e os condutores cos que figure no Rexistro municipal. Non obstante, en calquera momento poderán ordenarse revisións extraordinarias e incluso inspeccións periódicas.

As revisións anteriores levaranse a cabo sen prexuízo e con independencia da facultade establecida sobre a revisión dos vehículos atribuída a outros organismos.

Art. 24.

Os titulares das licenzas poderán substituír, con autorización municipal, o vehículo adscrito ás mesmas por outro máis moderno e de similares características. O vehículo substituído deberá someterse á revisión correspondente, que terá por obxecto a comprobación dos requisitos establecidos nesta ordenanza e instrucións que se poidan ditar no seu desenvolvemento.

V. DOS CONDUTORES

Art. 25.

Para poder conducir os vehículos afectos ao servizo regulado por esta ordenanza será obrigatorio posuír o permiso municipal correspondente.

Art. 26.

Para obter o permiso a que se refire o artigo anterior será preciso:

1. Solicitalo mediante instancia dirixida á Alcaldía-Presidencia.

2. Acreditar as seguintes condicións:

a) Boa conduta cívica, mediante informe expedido pola autoridade municipal do lugar da súa residencia habitual.

b) Non ter cometido delito ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de solicitude do permiso municipal de conducir, mediante certificación expedida polo Ministerio de Xustiza.

c) Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, mediante certificado expedido polo Colexio Oficial de Médicos.

d) Posuír o carné de conducir esixido na lexislación vixente.

e) Superar a correspondente proba de aptitude, que versará sobre a situación de rúas, edificios públicos, monumentos de Culleredo, itinerarios, normativa de tráfico e demais normas estatais ou municipais que sexan de aplicación ao servizo.

Art. 27.

O permiso municipal terá unha validez para un período máximo de cinco anos, e ao seu remate deberá ser renovado por instancia dos seus titulares ou, de ser o caso, cando se produza a renovación do permiso de conducir. A renovación efectuarase sen necesidade de exame a todos aqueles que acrediten, mediante o permiso municipal de conducir e certificación das súas cotizacións á Seguridade Social, levar desempeñando a súa profesión por un prazo mínimo dun ano.

O permiso municipal caducará ademais:

- a) Por xubilación do titular.
- b) Por incapacidade ou invalidez laboral.
- c) Cando o permiso de condución fora retirado ou non renovado.
- d) Nos casos previstos na Lei de Seguridade Vial.

Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:

- a) Nos casos de sanción previstos na presente Ordenanza.
- b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de condución.

Art. 28.

A administración municipal levará o rexistro e control dos permisos municipais de condución concedidos, onde se irán anotando as incidencias relativas aos seus titulares. Para tal fin, os titulares de licenzas estarán obrigados a comunicar á Área de Medio Ambiente, Servizos e Obras do Concello, as altas e as baixas de condutores que se produzan nos seus vehículos, nun prazo non superior a dez días.

VI. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Art. 29.

Os vehículos deberán dedicarse exclusivamente á prestación do servizo regulado na presente ordenanza, quedando prohibido o uso dos mesmos para fins persoais, ou calquera outro que non sexa o de servizo público, excepto os días libres, vacacións de verán e calquera outro caso debidamente xustificado ante a autoridade municipal.

Art. 30.

Os vehículos deberán prestar servizo ao público de maneira continuada e durante as 24 horas do día, sen prexuízo das quendas de descanso establecidas.

Poderá interromperse a prestación do servizo por causa grave, debidamente xustificada por escrito ante o Concello, durante un prazo que non exceda de 30 días consecutivos ou 60 alternos, durante un período dun ano.

Non se considera interrupción o período de vacacións, a duración do cal non será superior a 30 días ao ano.

Art. 31.

A autoridade municipal, consultadas as asociacións representativas do sector, poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias para o perfeccionamento do servizo, e atendendo as necesidades públicas, determinará o horario mínimo de servizos a prestar, e regulará os días de descanso e períodos de vacación estival, de forma que quede suficientemente garantida a continuidade do servizo.

Art. 32.

Para a localización, a modificación ou a supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias e, no suposto de áreas territoriais de prestación conxunta, aos municipios directamente afectados pola situación das paradas.

Prohíbese recoller viaxeiros aos vehículos que circulen por zonas que disten menos de 100 metros das paradas oficiais establecidas, agás para persoas de mobilidade reducida cando soliciten un taxi adaptado.

Art. 33.

Co fin de que en todo momento os usuarios poidan coñecer a identificación de quen presta o servizo, todos os taxis deberán levar en lugar visible para o viaxeiro, a tarxeta de identificación profesional do condutor que estea operando o vehículo nese momento, que será expedida pola administración municipal.

A tarxeta expresada colocarse no lugar que sinalen os servizos municipais, de tal maneira que sexa visible tanto desde o interior do vehículo como desde o exterior.

A documentación a presentar para a obtención da tarxeta de identificación será a seguinte:

- Solicitud dirixida ao Concello de Culleredo.
- Fotocopia cotexada da licenza municipal adscrita ao vehículo no que se presta o servizo.
- Fotocopia cotexada do permiso municipal de conducción do solicitante.
- Fotocopia cotexada da alta na Seguridade Social como traballador autónomo no caso do titular da licenza, ou contrato de traballo debidamente cumprimentado e dilixenciado no INEM e fotocopia da alta na Seguridade Social correspondente ao contrato de traballo antes referido, polo que se refire a condutores asalariados.

Cando un titular de licenza solicite a transferencia da mesma, estará obrigado a entregar nas dependencias municipais correspondentes a tarxeta de identificación da que sexa titular.

De igual xeito, cando un condutor asalariado cese na súa relación laboral, estará obrigado a entregar ao titular da licenza que o contratou a tarxeta de identificación que este depositará nas dependencias municipais para a súa custodia. A tarxeta de identificación renovarase nas dependencias municipais cada cinco anos, e en todo caso, cando se produza a substitución do vehículo que estea autorizado na mencionada tarxeta, logo da presentación da documentación referida nos apartados anteriores.

Art. 34.

Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto.

Art. 35.

1. Os condutores de taxis, na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

2. Sen prexuízo dos dereitos recoñecidos con carácter xeral pola normativa vixente e daqueles outros que lles recoñezan as normas de aplicación, as persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.

b) A identificar a persoa condutora e a recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.

c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e no exterior, en canto á hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.

d) A subir e a baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

e) A seleccionar o percorrido que consideren máis adecuado para a prestación do servizo. No suposto de que non exerzan o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia que se vai percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou de autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.

h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.

i) A que se lle facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.

j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo en que conste o prezo, a orixe e o destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, por petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.

k) A formular as reclamacións que xulguen oportunas en relación coa prestación do servizo. O condutor ou condutora deberá facilitar, por petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

3. As persoas usuarias do servizo de taxi deberán cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, e, en todo caso, teñen os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na conducción do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

- b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.
- c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.

Art. 36.

Os condutores que, estando libre o vehículo, fosen requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse ao mesmo, excepto por causa xustificada. Tampouco poderá negarse a prestación a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas. Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- 1.º Ser requirido por individuos que desperten fundada sospeita. Neste caso o condutor poderá solicitar a debida identificación ante os axentes da autoridade.
- 2.º Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.
- 3.º Cando calquera dos viaxeiros estea en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- 4.º Cando a vestimenta dos viaxeiros ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- 5.º Cando as equipaxes ou vultos non entren no maleteiro ou portaequipaxes.
- 6.º Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade tanto dos ocupantes e do condutor como do vehículo.

En todo caso, os condutores terán co público un comportamento correcto, e a requirimento do usuario deberán xustificar a negativa ante un axente da autoridade, cando este estea nun lugar próximo ao de requirimento do servizo.

Art. 37.

A) Cando en situación de libres sexan requiridos os condutores por varias persoas ao mesmo tempo, atenderase cos seguintes criterios de preferencia:

- 1.º Se son enfermos, persoas con mobilidade reducida ou anciáns.
- 2.º Persoas acompañadas de nenos pequenos e mulleres embarazadas.
- 3.º As persoas que estean no mesmo sentido de circulación do vehículo.
- 4.º As persoas de maior idade.

Estes preceptos non serán de aplicación polo que afecta aos puntos de espera, nos que a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

B) Os condutores ao prestar o servizo:

- Abrirán ou pecharán os cristais a indicación do usuario.
- Axudarán a subir e apearse do vehículos aos ancianos, enfermos, inválidos e nenos.
- Recollerán e colocarán axeitadamente as maletas, equipaxes e outros vultos.

Encenderán a luz interior pola noite, para facilitar a subida e baixada, e o pagamento do servizo. Baixarán ou subirán o volume do receptor de radio, a vontade do pasaxeiro.

C) Durante a prestación do servizo, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os condutores proferirán ofensas e entablarán discusións que alteren o orde.

D) Así mesmo, deberán respectar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelán e galego que fagan os usuarios, e nas indicacións necesarias para cumprimento do servizo.

Art. 38.

Cando un vehículo libre estea circulando e o seu condutor fose requirido para prestar servizo, deberá parar en lugares e forma que non entorpeza a circulación.

Art. 39.

No momento de ser requirido procederá a quitar o cartel de libre e, unha vez que o usuario ocupe o vehículo e indique o punto de destino, o condutor procederá a baixar a bandeira.

Se o condutor esquecer a poñer en funcionamento o contador, correrá pola súa conta o servizo prestado ata o momento de advertir a súa omisión, calquera que fora o percorrido efectuado, a menos que o pasaxeiro, libremente, estea disposto a aboar a cantidade que, de común acordo, conveñan.

Art. 40.

Se durante a prestación do servizo se lle require ao condutor que espere o regreso dos viaxeiros, que transitoriamente desexen interromper o percorrido, poderán recabar os mesmos a título de garantía o importe do percorrido efectuado, segundo as determinacións que se indican no artigo 10 desta ordenanza ou no caso de que o lugar ofrezca limitacións en canto ao estacionamento, desvincularse do mesmo.

Art. 41.

En caso de accidente ou avaría, así como cando o vehículo sexa detido por un axente da circulación para ser amoestado ou sancionado, a bandeira do aparato taxímetro deberá poñerse en punto morto. Se non se consumase o servizo, o usuario só estará obrigado a pagar o que marque o contador, deducindo o importe da baixada de bandeira.

A toma de carburante, calquera que sexa a súa clase, só poderá realizarse estando libre o vehículo, excepto que exista autorización expresa do viaxeiro.

Art. 42.

Os condutores deberán seguir en cada servizo o itinerario máis curto, excepto indicacións en contra do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

Art. 43.

Ao chegar ao lugar de destino o condutor procederá a parar o vehículo no lugar e forma establecidos no artigo 38, porá o contador en punto morto e indicará ao pasaxeiro o importe do servizo.

Art. 44.

Os condutores deberán revisar o interior do vehículo cada vez que se desocupe, a fin de comprobar se o usuario esqueceu algún obxecto no mesmo, entregándollo ao ocupante. Se non se pode devolver no acto, deberase entregar o mesmo na Policía local nas 72 horas seguintes.

Art. 45.

Os vehículos cando no estean ocupados, deberán estar circulando ou situados nas paradas sinalizadas para o efecto, ás que deberán concorrer obrigatoriamente.

Art. 46.

A corporación, a través dos servizos municipais correspondentes, efectuará o control da prestación do servizo.

VII. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR**Art. 47.**

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de servizos de taxi amparados nos preceptivos títulos habilitantes, ao seu titular.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados ao abeiro de títulos habilitantes expedidos a nome doutras persoas, á persoa física ou xurídica que utilice os ditos títulos e á persoa a nome da cal se expedisen aqueles títulos, agás que esta última demostre que non deu o seu consentimento.

c) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados sen a cobertura do correspondente título habilitante, á persoa que teña atribuída a facultade de uso do vehículo, ben sexa a título de propiedade, alugamento, arrendamento financeiro, renting ou calquera outra forma admitida pola lexislación vixente.

Este réxime de responsabilidade aplicarase tamén ás infraccións que consistan na difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades para as cales non se conte co preceptivo título habilitante.

d) Nas infraccións cometidas polas persoas usuarias e, en xeral, por terceiros que, sen estaren comprendidos nas alíneas anteriores, realicen feitos que constitúan infraccións recollidas nesta ordenanza, á persoa física ou xurídica a quen vaia dirixido o precepto infrinxido ou a quen a disposición correspondente lle atribúa especificamente a responsabilidade.

2. A responsabilidade administrativa esixirase ás persoas físicas ou xurídicas a que se refire o punto anterior, sen prexuízo de que estas poidan deducir as accións que resulten procedentes contra as persoas ás cales lles sexan materialmente imputables as infraccións.

3. Para efectos desta ordenanza consideraranse son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas na mesma a título de dolo, culpa ou simple inobservancia.

As infraccións das normas reguladoras dos servizos de taxi clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Art. 48.

I. LEVES

a) Non levar en lugar visible os distintivos que foran esixibles ou levarlos nunhas condicións que dificulten sa súa percepción ou facer un uso inaxeitado deles.

b) Non respectar os dereitos das persoas usuarias establecidos na presente ordenanza.

c) Non levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestar o servizo.

d) Incumprir as normas que poideran establecerse sobre publicidade nos vehículos adicados ao transporte de persoas en vehículos de turismo.

e) A carencia no vehículo ou nos locais do letreiro que indique a existencia de follas de reclamacións.

f) Non entregar o recibo ou factura do servizo prestado ás persoas usuarias, se estas o solicitasen, ou entregarlles un recibo ou factura que non cumpra os requisitos establecidos pola normativa de aplicación.

g) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles correspondesen.

h) Non levar a placa relativa á súa condición de vehículo de servizo público.

i) A carencia de cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade que esté reglamentariamente establecida.

j) Non expoñer ao público os cadros de prezos autorizados ou telos en lugares non visibles.

k) Levar o vehículo sen conexión con centrais de seguridade cando dito servizo esté concertado cunha entidade pública ou se publicite dita conexión ás persoas usuarias do servizo.

l) Calquera infracción das que teñen consideración de graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancias non deba ser cualificada como grave, debendo xustificarse a existencia de ditas circunstancias e motivarse na resolución correspondente.

n) Baixar a bandeira antes de que o usuario indique o punto de destino.

ñ) Tomar carburante estando o vehículo ocupado, excepto que teña autorización do usuario, colocando para isto a bandeira en punto morto.

o) Non levar iluminado o aparato taxímetro a partir da posta do sol.

p) Non respectar a orde de preferencia entre usuarios a que se refire o artigo 37.

q) Descooidar o aseo persoal.

r) Discutir con outros compañeiros de traballo.

II. GRAVES

a) Carecer do preceptivo documento no cal se deben formular as reclamacións das persoas usuarias ou negar ou obstaculizar a súa disposición ao público.

b) Non atender a solicitude a unha demanda de servizo de taxi por parte dunha persoa usuaria estando de servizo, ou abandonar un servizo antes da súa finalización, agás que existan causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora ou para o vehículo de turismo.

c) A realización de servizos de transporte iniciados nun termo municipal distinto do que corresponde á licenza de taxi, agás nos supostos legalmente exceptuados.

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxi.

e) A prestación de servizos con vehículos distintos aos identificados adscritos ás licenzas de taxi e ás autorizacións interurbanas de taxi, agás nos casos de substitución debidamente autorizados, así como o incumprimento do ámbito territorial dos devanditos títulos habilitantes.

f) A realización de servizos de taxi por itinerarios inadecuados que sexan lesivos economicamente para os intereses da persoa usuaria ou desatendendo as súas indicacións sen causa xustificada de perigo para a persoa condutora ou danos para o vehículo de turismo.

g) Levar a cabo servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo sen levar a bordo a documentación acreditativa necesaria para controlar a legalidade do transporte.

h) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo sen dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para exercer as ditas actividades segundo o disposto nesta ordenanza.

i) A retención de obxectos abandonados no vehículo sen dar conta á autoridade competente.

j) A carencia de contrato, no seu caso, e de folia de ruta ou a ocultación ou a non conservación por parte da empresa dunha copia durante un ano.

k) Non dispoñer dos cadros de tarifas e do resto de documentación que se teña que exhibir para o coñecemento das persoas usuarias.

l) O trato desconsiderado aos clientes, así como a non prestación do servizo nas condicións de hixiene e/ou calidade esixibles

m) Calquera das infraccións previstas como moi graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non deba ser cualificada como moi grave.

n) Desconsiderar gravemente aos usuarios do servizo ou compañeiros.

ñ) Non poñer as indicacións de “libre” ou ocultalas, estando o vehículo desocupado.

o) Escoller pasaxe ou ofrecer e buscar pasaxeiros, fóra das normas prescritas nesta ordenanza

p) Admitir pasaxe funcionando o taxímetro.

q) Non exhibir a tarxeta de identificación de condutor de taxis nun lugar do vehículo visible para os usuarios.

r) Utilizar o vehículo para fins distintos do que é propio do servizo público, coas excepcións contidas nesta ordenanza.

s) O incumprimento de instrucións de servizo dadas polo Concello.

III. MOI GRAVES

a) A realización de servizos de taxi carecendo dos preceptivos títulos habilitantes ou con estes suspendidos, anulados, caducados, revogados, sen ter realizado o visado obrigatorio ou por calquera outra causa ou circunstancia pola que as referidas habilitacións expedidas para exercer a actividade xa non sexan válidas. No suposto de que a infracción consista na falta de visado obrigatorio e este se realizase con anterioridade á data de resolución do procedemento sancionador, a infracción terá a cualificación de leve.

b) Prestar os servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo mediante un condutor ou condutora que non estea debidamente autorizado para a condución e habilitado para a prestación do servizo.

c) A cesión ou a transmisión, expresa ou tácita, dos títulos habilitantes por parte dos seus titulares a favor doutras persoas sen a preceptiva autorización.

d) O falseamento de documentos que teñan que ser presentados como requisito para a obtención dos títulos habilitantes ou dos datos que deban figurar nos ditos títulos habilitantes.

e) A negativa ou a obstrución á actuación dos servizos de inspección que impida o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) O incumprimento, por parte do titular do vehículo, da obriga de subscribir os seguros preceptivos.

g) O incumprimento das obrigas de prestación do servizo de taxi impostas pola administración competente na materia.

h) Non levar o aparello taxímetro, a manipulación deste, facelo funcionar de xeito inadecuado ou impedir a súa visibilidade á persoa usuaria, así como cantas accións teñan por finalidade alterar o seu normal funcionamento, e a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento do taxímetro ou a modificar as súas medicións, mesmo cando este non estea en funcionamento no momento de se realizar a inspección.

A responsabilidade pola dita infracción corresponderá tanto ás persoas que manipulasen o taxímetro ou colaborasen na súa manipulación como ao taxista que o teña instalado no seu vehículo.

i) A prestación de servizos de transporte de persoas con vehículos que incumpran as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que en cada caso se determinen, sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

j) Prestar o servizo cun número de ocupantes do vehículo que supere o número de prazas autorizadas, de conformidade coa normativa vixente.

k) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobramento individual, agás nos casos en que estea expresamente autorizado.

l) Ser causa dun accidente e darse á fuga.

m) Conducir o vehículo en estado de embriaguez.

n) Negarse a prestar auxilio a feridos ou accidentados.

ñ) A comisión de delitos cualificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.

o) Prestar servizo os días de descanso.

p) Negarse á entrega da tarxeta de identificación de condutor de taxis, nos casos de rescisión da relación laboral.

q) Incumprir reiteradamente as instrucións de servizo dadas polo Concello.

Art. 49.

1. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 400 euros; as graves, con multa desde 401 ata 2.000 euros; e as moi graves, con multa desde 2.001 ata 6.000 euros e a posibilidade de declarar a caducidade do título administrativo habilitante.

2. As sancións deberán graduarse tendo en conta os danos e perdas ocasionados, a intencionalidade e a reincidencia.

Considérase reincidencia a comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción administrativa da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme na vía administrativa.

No caso de infraccións cometidas no exercicio da actividade de taxi, as contías das sancións imponseñanse no seu terzo inferior, agás as previstas nas alíneas a) e g) do apartado "III MOI GRAVES".

3. As sancións anteriores enténdense sen prexuízo, de ser o caso, da posibilidade de declarar a caducidade do correspondente título habilitante e a autorización, nos casos en que esta proceda por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento, ou as que resulten necesarias para o exercicio da actividade.

Art. 50.

1. O procedemento para a imposición de sancións será o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa procedemental sancionadora que se dite en materia de transportes, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2. Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador, o órgano competente, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia, para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas, pode adoptar as medidas adecuadas para este efecto.

Estas medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador, que terá que se producir nos quince días seguintes ao da adopción do acordo.

3. Na execución das sancións atenderase a regulación do procedemento sancionador do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e a normativa sobre recadación de tributos.

4. O pagamento das sancións pecuniarias impostas por resolución que poña fin á vía administrativa será requisito necesario para que proceda a realización do visado obrigatorio previsto no artigo 4 desta Ordenanza e a autorización administrativa á transmisión de licenzas de taxi ou de autorizacións interurbanas de taxi.

5. O prazo dentro do cal se debe notificar a resolución do procedemento sancionador é dun ano desde a data do acordo de incoación do correspondente expediente sancionador, sen que en ningún caso se poida entender iniciado aquel procedemento mediante a formulación do correspondente boletín de denuncia.

Unha vez transcorrido o dito prazo, débese acordar a caducidade do referido procedemento e o arquivo de todas as actuacións.

6. As infraccións cometidas polos titulares de títulos habilitantes e as sancións que se lles impoñan serán obxecto de anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Art. 51. Prescrición das infraccións e das sancións

1. As infraccións e as sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao ano.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese, e o das sancións, desde o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

No caso das sancións, a prescrición interromperase coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao infractor

Art. 52.

As competencias, tanto para o outorgamento das licenzas, como para a súa revogación ou retirada, substitución de vehículos e demais actuacións que poidan producirse en relación co contido desta ordenanza, corresponderán á Alcaldía-Presidencia, ou Concelleiro/a en quen delegue.

Así mesmo, están atribuídas á Alcaldía, ou Concelleiro/a en quen delegue, as facultades en materia de imposición de sancións que se deriven das infraccións que se conteñen na ordenanza, logo da instrución do correspondente expediente sancionador.”

Disposición transitoria primeira. Taxis adaptados

Nos casos en que se constate que non se acada de forma voluntaria, entre os titulares de licenzas de taxi preexistentes, a porcentaxe de taxis adaptados establecida no artigo 3 desta Ordenanza e no Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, que regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos medios de transporte para persoas con discapacidade, o Concello poderá optar entre esixir ás persoas titulares das últimas licenzas de taxi outorgadas que presten o servizo mediante taxis adaptados ou ben crear novas licenzas de taxi sen a limitación de continxentamento, adscritas indefinidamente a taxis adaptados. Neste caso, seguirá o procedemento establecido na Lei autonómica 4/2013 para a creación de títulos habilitantes.

Disposición transitoria segunda. GPS e aparato lector de tarxetas de crédito

O vehículos destinados á prestación do servizo de transporte público de persoas en vehículos de turismo deberán ter instalado un equipo de posicionamento global por satélite (GPS) e un aparato lector que permita aos usuarios o pagamento con tarxeta de crédito, segundo o disposto no artigo 14 da presente Ordenanza, antes do 1 de xaneiro de 2016.

Disposición adicional. Xunta Arbitral de Transporte de Galicia

Sempre que exista acordo entre as partes interesadas, as controversias de carácter mercantil que poidan xurdir en relación cos contratos de transporte de persoas en vehículos de turismo poderán someterse, cos efectos establecidos na lexislación de transportes terrestres, ao coñecemento da Xunta Arbitral de Transporte de Galicia.

Presumirase que existe submisión nos termos previstos na lexislación xeral pola que se regula a arbitrase en materia de transportes.

Disposición final primeira. Normas subsidiarias.

Naquelas materias non reguladas pola presente ordenanza aplicarase subsidiariamente a Lei autonómica 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a Lei 16/87 de ordenación dos transportes terrestres e o Real Decreto 763/79 de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóviles lixeiros.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta modificación entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o art. 70.2 en relación co art. 65.2 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, e contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da súa publicación. “

Culleredo, 24 de setembro de 2014.

O Alcalde,

Asdo: Julio Sacristán de Diego.